



NOTA DE PRENSA DO CONCELLO DE PONTECESO

Escola Municipal da Terceira Idade “Susa da Chasca”

A Concellaría de Servizos Sociais do Concello de Ponteceso pon en marcha esta escola municipal dirixida ao sector poboacional da terceira idade do Concello de Ponteceso.

O obxectivo é, dende o mes de **outubro, ao mes de xuño**, realizar unha serie de actividades formativas que constitúan unha ferramenta útil na vida dos alumnos/as que acudan á escola. Dende a Concellaría tentaremos diversificar as actividades por distintas parroquias coa finalidade de captar o maior número de alumnado posible.

O **vindeiro 19 de outubro** presentaremos a Escola co inicio da primeira actividade da mesma, **“Súbete ao carro”**. Esta actividade desenvolverase **dende outubro a finais de decembro**, durante **24 sesións**, os **mércores e venres**, de **16.00h a 18.00h** no **Centro Cultural de Ponteceso**.

Nesta primeira actividade, a Escola Municipal tocará temas tan importantes para o alumno/a como as **novas tecnoloxías, a saúde, autonomía persoal, prevención de accidentes e outros aspectos integrais da persoa que envelleta activamente**.

Poderán inscribirse todas as persoas maiores de 55 anos no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ponteceso 981 714 000 ext3 ou na Oficina Municipal en Corme 981 738 428.

INSCRCIÓN ABERTA DENDE O 5 DE OUTUBRO ATA O 17 DE OUTUBRO.

As actividades da escola son gratuítas.

Adxuntamos:

Cronograma de actividades da Escola Municipal da Terceira idade do Concello de Ponteceso.

Biografía de Susa da Chasca, nome que adopta a Escola.

OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO
Súbete ao carro (Ponteceso)	Súbete ao carro (Ponteceso)	Súbete ao carro (Ponteceso)	Taller de memoria (Ponteceso)	Taller de memoria (Ponteceso)	Coñecendo a Costa da Morte (Todo o Concello)	Coñecendo a Costa da Morte (Todo o Concello)		
Curso de internet (Ponteceso)	Curso de internet (Ponteceso)	Curso de internet (Ponteceso)	Alfabetización dixital (Ponteceso)	Alfabetización dixital (Ponteceso)	Tardes de baile (Ponteceso)	Tardes de baile (Ponteceso)		
Curso de internet (Corme)	Curso de internet (Corme)	Curso de internet (Corme)	Taller de memoria Corme-Porto	Alfabetización dixital (Xornes)	Risoterapia (Ponteceso)	Risoterapia (Ponteceso)	Taller de memoria Xornes	Taller de memoria Xornes

As ubicacións serían as seguintes:

Corme: Casa do Mar

Ponteceso: Centro Cultural

Xornes: Local Social.

BIOGRAFÍA DE SUSA DA CHASCA:

Mamá Susa, como a chamaban as nenas e nenos de Corme, foi a única parteira que se recorda na historia do pobo. Naceu en 1882. Con 26 anos (en 1908), o seu home marchou para América para non volver, e ela quedou cun fillo de 6 meses no colo. Enfermou, e tivo que ir a Santiago, ó hospital. Alí estivo uns dous anos, primeiro como enferma e logo como enfermeira, aprendendo a atender partos. Cando volve a Corme, arredor do ano 1910, empeza a traballar de parteira, asistindo tamén a xente enferma doutras doenzas.

A xente de Corme acórdaa como unha muller moi alegre e cariñosa, moi competente no seu oficio, capaz de cantar e bailar para animar a unha muller nun parto. Gustáballe que os nenos e nenas a chamaran Mamá Susa, pois dicía que, en certo modo, era a nai de todos e todas pois os vira nacer. As daquela nenas acórdana con moito cariño, pois sempre tiña unha aperta, un bico ou un conto para cada unha. Susa da Chasca tamén se dedicaba a redistribuír a pouca riqueza que había en Corme. Preocupábase polas mulleres que non tiñan “con que acender lume”. Cando unha muller sen recursos daba a luz, amais de non cobrar polos seus servizos, buscaba en casa doutra que tivera algo de comida para aquela que non tiña (un pouco de fariña, fabas, chocolate,...)

Tía Susa desempeñou un importante papel na nosa vila na primeira metade do século XX , cando a atención médica non era o que é hoxe Exerceu a súa profesión de parteira ata os anos 60, máis ou menos ata cando chegou D. Manuel, o primeiro médico da Seguridade Social que houbo en Corme. Morreu en 1970, con 88 anos. Está soterrada na Coruña, no cemiterio de San Amaro.

Igual que tía Susa, en Corme houbo moitas heroínas anónimas, mulleres que quedaron soas e houberon de sacar adiante ás súas familias da mellor maneira que souberon nos tempos da fame e a escaseza. Vaia pois esta biografía da Mamá Susa coma homenaxe a todas elas.